

A/A Francisco Conde López
VICEPRESIDENCIA PRIMERA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Xunta de Galicia

Estimado Conselleiro:

Mediante o presente escrito, queremos poñer no seu coñecemento a complicada situación que están a padecer as persoas traballadoras no Grupo Ganomagoga. Esta empresa que durante moitos anos foi referencia no sector de metal, en concreto en sectores estratéxicos como o naval, o eólico e a biomasa, atravesa nestes momentos unha situación grave de carga de traballo e falta de liquidez, que está a supoñer atrasos continuos no abono das nóminas.

Pero o peor da situación é a falta total de información por parte da Dirección que xera unha maior incerteza sobre o futuro da mesma, tanto nas das persoas traballadoras, coma en empresas provedoras e clientes.

En consecuencia, e ante esta grave situación, dende o Sindicato Comarcal de CCOO industria na Comarca de Vigo, solicitámoslle urxentemente unha xuntanza para coñecer máis en concreto a situación da mercantil e analizar as posibles medidas a adoptar para garantir a continuidade da unidade produtiva, así como os seus postos de traballo.

Esperando unha pronta contestación, reciba un cordial saúdo.

Firmado por CARNERO
FERREIRO CELSO -
***0524** el día 06/03/2023
con un certificado emitido
por AC FNMT Usuarios

Vigo, 06 de marzo de 2023

Celso Carnero Ferreiro
CCOO Industria Vigo